

O AECT Rio Minho promove un encontro internacional sobre a posta en valor do patrimonio cultural inmateral

O encontro reúne nove socios do proxecto europeo LIVHES, ao que pertence o AECT Rio Minho, e pretende discutir a cultura inmateral como elemento de desenvolvemento local

O territorio do Rio Minho transfronteirizo é anfitrión do Encontro Internacional “A Cultura Inmateral como elemento de desenvolvemento local. O patrimonio Cultural Inmateral no río Miño transfronteirizo”, cunha duración de 3 días. O encontro reúne aos nove beneficiarios do proxecto LIVHES, co-financiado polo Programa Interreg Sudoeste, ao que pertence o AECT Rio Minho, e que ten como principal obxectivo o debate sobre a cultura inmateral como elemento de desenvolvemento local e cohesión territorial. Ao longo destes 3 días serán desenvolvidas mesas de debate técnica do proxecto, un encontro de intercambio de experiencias, rematando cunha visita a casos de patrimonio cultural inmateral do territorio do río Miño transfronteirizo.

O encontro realizarase na Escola Superior de Ciencias Empresariais, ESCE-IPVC, en Valença, durante o día de hoxe (25 de novembro), nunha sesión de partilla e reflexión de ideas, que se concretará no futuro na elaboración dunha guía práctica para a posta en valor do Patrimonio Cultural Inmateral. Na

sesión de abertura do Encontro Internacional estiveron presentes o Presidente da Cámara Municipal de Valença, José Carpinteira, que deu a benvida aos conferenciantes e identificou *“a existencia dun vasto patrimonio cultural inmaterial no Concello de Valença e no territorio transfronteirizo que debe ser preservado, en especial a arte da pesca nas pesqueiras do río Miño”*, e o Director do AECT Rio Minho, Rui Teixeira, quen destacou *“a importancia do traballo desenvolvido polo AECT Rio Minho na captación de fondos europeos a favor da preservación e posta en valor do Patrimonio Cultural Inmaterial do río Miño transfronteirizo e no fomento de raíces cada vez mais sólidas neste territorio, sendo exemplo disto o propio proxecto entre outras iniciativas anteriormente desenvolvidas, nomeadamente a candidatura ‘A Pesca nas Pesqueiras do Rio Minho’ ao Inventario Nacional do Patrimonio Cultural Inmaterial”*. Para conclusión da sesión de apertura foi emitido un vídeo do profesor António Sampaio da Nóvoa, Embaixador de Portugal na UNESCO, que realzou *“a partilla de prácticas culturais transfronteirizas ao longo do río Miño, e por iso quero felicitar por esta iniciativa (...) que vai construindo un camiño de futuro no dominio da cultura”*.

O proxecto LIVHES é co-financiado polo Interreg Sudoe, participando 9 entidades públicas, institutos universitarios e centros de investigación de España, Francia e Portugal, e pretende responder a unha necesidade europea e a un desafío territorial compartido polas áreas pouco poboadas do sur da Europa, identificando o Patrimonio Cultural Inmaterial recoñecido pola Unesco como instrumento de desenvolvemento.